

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP FLAVIA (PADRÓN).
CURSO: 6º E. P.
DATA: 12 DE MAIO DE 2.020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	2
1.1. MATEMÁTICAS	3
1.2 LENGUA CASTELÁN.....	5
1.3 LINGUA GALEGA	7
1.4 CIENCIAS NATURAIS	9
1.5 CIENCIAS SOCIAIS	10
1. 6 VALORES	11
2. Avaliación e cualificación	12
3. Metodoloxía	13
Actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e noseu caso ampliación)	13
4. Información e publicidade	14

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES MATEMÁTICAS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático	Propón a resolución de retos e problemas coa precisión, co esmero e co interese apropiado ao nivel educativo e a dificultade da situación
Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas)	Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras
Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá	Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situación de resolución de problemas	Reduce dúas ou máis fraccións a común denominador e calcula fraccións equivalentes.
	Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.
	Ordena fraccións aplicando á relación entre fracción e número decimal
Utilizar os números enteiros, decimais, fraccionarios e as porcentaxes sinxelas.	Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións
Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas,	Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número
	Realiza operacións con números decimais.
	Aplica a xerarquía das operacións e os usos da paréntese.
Iniciarse no uso das porcentaxes e a proporcionalidade e resolver problemas en contextos da vida cotiá.	Calcula e utiliza as porcentaxes dunha cantidade para expresar partes
	Resolve problemas da vida cotiá utilizando porcentaxes
Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas en situacións da vida cotiá.	Descompón de forma aditiva e de forma aditivo- multiplicativa, números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras.
	Calcula todos os divisores de calquera número menor de 100.
	Calcula o mcm e o mcd.
	Descompón números decimais atendendo ao valor de posición das súas cifras.
Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo . Operar con diferentes medidas	Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.

Utilizar as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, e aplicándoo á resolución de problemas	Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.
Coñecer os triángulos segundo as súas características.	Clasifica triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos, identificando as relacións entre os seus lados e entre ángulos
Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao entorno inmediato.	Recolle e clasifica datos cualitativos e cuantitativos de situacións do seu entorno, utilizándoos para construír táboas de frecuencias absolutas e relativas
Realiza conxecturas e estimacións sobre algún xogos (moedas, dados, cartas, loterías...)	Realiza conxecturas e estimacións sobre algún xogos (moedas, dados, cartas, loterías...)

1.2 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES LINGUA CASTELÁN E LITERATURA

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
Comprender as ideas principais dun texto oral sinxelo e constrúe unha oración con cada unha delas.	LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedentes da radio, da televisión ou de internet, identifica o tema e elabora un resumo
Identificar as ideas principais dun texto (narrativo, descritivo e expositivo).	LGB2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo e expositivo).
Ler textos en voz alta con ritmo e ton de voz adecuado	LGB2.7.3. Le textos en voz alta con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.
Elaborar, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, notas e invitacións	LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, notas e invitacións
Utilizar os signos de puntuación (punto, coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).	LGB3.1.3. Utiliza os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).
Crea diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos) seguindo un guión.	LGB3.2.3. Crea diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) seguindo un guión establecido e adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.
Recoñeceras diferentes categorías gramaticais: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, verbo.	LGB4.1.1. Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo e preposición.
Usar axeitadamente o dicionario en papel ou dixital, seleccionando a acepción precisa segundo o contexto e como consulta ortográfica	LGB4.7.1. Usa axeitadamente o dicionario en papel ou dixital para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto e como consulta ortográfica.
Distinguir narrativa, poesía e teatro.	LGB5.3.1. Identifica as características principais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro.

Resumir textos lidos de diferente tipoloxía e adecuados a súa idade, destacando as ideas principais.	LCB2.1.4. Resume textos lidos de diferente tipoloxía e adecuados a súa idade, reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.
Escribir textos organizando as ideas con cohesión básica e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	LCB3.1.2. Escribe textos organizando as ideas con cohesión básica e respectando as normas gramaticais e ortográficas.

1.3 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES LINGUA GALEGA

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
Comprender textos orais diversos, procedentes da radio, da televisión ou da internet, interpretando as intencións explícitas así como as intencións, opinións e valores non explícitos.	LGB1.1.1. Comprende as ideas principais e secundarias dun texto oral, procedente da radio, da televisión ou de internet, identificando o tema e elaborando un resumo.
	LGB1.1.2. Comprende o significado literal e inferencial dun texto oral, distinguindo a información da opinión
Identificar as ideas principais dun texto (narrativo, descritivo e expositivo).	LGB2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo e expositivo).
Ler textos en voz alta con ritmo e ton de voz adecuado.	LGB 2.1.3. Le textos en voz alta con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.
Planificar e elaborar un discurso oral coherente, sen contradicións nin repeticións innecesarias, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade	LGB1.7.11. Planifica e elabora un discurso oral coherente, sen contradicións nin repeticións innecesarias, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.
Elaborar, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, notas e invitacións.	LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, notas e invitacións
Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	LGB3.2.4. Escribe textos coherentes e cohesivos, usando o rexistro adecuado
Utilizar os signos de puntuación (punto, coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).	LGB3.1.3. Utiliza os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).
Crear diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos) seguindo un guión.	LGB3.2.3. Crea diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) seguindo un guión establecido e adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.

Recoñecer as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo e preposición	LGB4.1.1. Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo e preposición
	LGB4.7.1. Usa axeitadamente o dicionario en papel ou dixital para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto e como consulta ortográfica.
Distinguir narrativa, poesía e teatro.	LGB5.3.1. Identifica as características principais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro.
Resumir textos lidos de diferente tipoloxía e adecuados a súa idade, destacando as ideas principais.	LCB2.1.4. Resume textos lidos de diferente tipoloxía e adecuados a súa idade, reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.
Producir textos organizando as ideas con cohesión básica e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	LCB3.1.2. Escribe textos organizando as ideas con cohesión básica e respectando as normas gramaticais e ortográficas.

1.4 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES CIENCIAS NATURAIS

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborando con certa autonomía documentación sobre o proceso.	CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes.
B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	CNB2.1.2. Coñece os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.
B2.2. Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso deseñando protocolos para a súa prevención	CNB2.2.2. Recoñece algúns factores causantes das enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe e obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.
B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais e plantas do seu contorno próximo, recoñecer as súas características principais e buscar información en fontes variadas.	CNB3.1.2. Observa, identifica e recoñece as características das plantas do seu contorno e clasifícaas con criterio científico.
	CNB3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.

1.5 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES CIENCIAS SOCIAIS

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
B2.1.Recoñecer e situar os elementos principais do sistema solar: o Sol, os planetas e as súas características básicas empregando as TIC.	CSB2.1.1.Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunha das súas características básicas empregando as TIC
B2.4.Identificar as distintas formas de representar a superficie terrestre e localizar o lugar no que vive.	CSB2.4.1.Recoñece as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos.
B2.7.Identificar a atmosfera como escenario dos fenómenos meteorolóxicos, coñecer algúns destes fenómenos máis frecuentes na súa contorna e explicar, de maneira sinxela como se forman as nubes e as precipitación.	CSB2.7.1.Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións.
B2.13. Explicar que é unha paisaxe, os seus elementos básicos e recoñecer os distintos tipos de paisaxes de Galicia.	CSB2.13.1.Define paisaxe, identifica os seus elementos e recoñece as diferentes tipos de paisaxe básicas na comunidade autónoma.
B3.1.Expoñer e explicar a organización social, política e territorial da contorna próxima a través da interpretación dun mapa mental.	CSB3.1.1.Describe a estrutura básica da organización social, política e territorial da contorna próxima.

1.6 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES VALORES

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
Actúar de forma respectable e digna	VSCB1.1.1 - Actúa de forma respectable e digna
Aplicar o autocontrol á toma de decisión e á resolución de conflitos	VSCB1.2.2 - Aplica o autocontrol á toma de decisión e á resolución de conflitos.
Expresar os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas	VSCB1.2.3 - Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas
	VSCB1.3.1 - Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo e asumindo compromisos para a consecución de obxectivos
Participar na elaboración das normas da aula.	VSCB3.3.2 - Participa na elaboración das normas da aula.
Analizar as emocións, sentimentos, posibles pensamentos e puntos de vista das partes en conflito	VSCB3.4.4 - Analiza as emocións, sentimentos, posibles pensamentos e puntos de vista das partes en conflito
Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.	VSCB3.10.3 - Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Avaliación	<p>A avaliación será global, continua, formativa, individualizada e integradora. Valorarase o rendemento académico do alumnado dando maior relevancia á 1ª e 2ª avaliación,</p> <p>Terase en conta a súa situación excepcional. Secuenciando o traballo con tarefas de recuperación, repaso e reforzo, de carácter globalizado axeitadas a situación que requiren o uso das Tecnoloxías da información e da comunicación.</p>
	<p>Procedementos:</p> <p>Observación sistemática e valoración da recompilación de materiais escritos. Subida de tarefas de repaso e reforzo á WEB do Centro, semanalmente. Seguimento e recollida das mesmas a través do correo electrónico e de ABALAR.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Anotacións sistemáticas do profesorado (tanto en formato papel coma en dixital). • Anotacións sobre as actividades do alumnado. • Instrumentos dixitais (web de centro e correos electrónicos).
Cualificación final	<p>A cualificación final obterase coa suma de</p> <ul style="list-style-type: none"> - Media das cualificacións da 1ª e 2ª avaliación----- 70% - Presentación de traballos no 3º trimestre----- 30% - Unha avaliación positiva do terceiro trimestre suporá a recuperación das materias pendentes das avaliacións anteriores.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)

Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Gran variedade de actividades para atender a todas as características do alumnado. • Serán de reforzo e recuperación da materia impartida no 1º e 2º trimestre. • Tamén se incluírán actividades de carácter emocional para toda a familia, en relación co programa de Educación Responsable. • Farase un especial seguimento do alumnado con materias pendentes, reforzando aquelas áreas nas que atoparon maior dificultade.
Metodoloxía	<ul style="list-style-type: none"> • A metodoloxía será totalmente novedosa adaptada á nova situación, menos interactiva co alumnado do desexable, globalizadora e inclusiva, permitindo integrar elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas de repaso e reforzo do 1º e 2º trimestre. Tamén de ampliación en algúns casos. • Teranse en conta os distintos ritmos de aprendizaxe e o principio da diversidade tanto na proposta de actividades coma na resolución das mesmas. <ul style="list-style-type: none"> • Máis que nunca o reforzo positivo será fundamental. • Prestarase atención individualizada e personalizada do alumnado a través dos distintos mecanismos e plataformas da Consellería co afán de lograr o maior rendemento posible. • Toda esta metodoloxía parte dunha proposta didáctica globalizadora que atende ás características particulares do alumnado, nesta etapa onde a educación emocional cobra un papel relevante nestes momentos tan particulares.
Alumnado con conectividade	<ul style="list-style-type: none"> • Entrega e recollida de tarefas a través da Web do Centro e correos electrónicos.
Alumnado sen conectividade	<ul style="list-style-type: none"> • Entrega de material a través de Protección Civil e de Servizos Sociais (actuación mediadora para recollida tamén) .
Atención a diversidade	<ul style="list-style-type: none"> • Ao alumnado con NEAE, os tutores en coordinación co Departamento de Orientación fan un seguimento individualizado .
Materias Pendentes	<ul style="list-style-type: none"> • Para a recuperación de materias pendentes de cursos anteriores consideraranse adquiridos os contidos e destrezas pendentes ao superalas no presente curso
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> • Os libros de texto. • Dispositivos dixitais (teléfono móbil, ordenador, tablet... • A aplicación abalarmóbil, Cisco Webex. • Web do Centro e os correos electrónicos que se habilitaron para cada aula para estar en comunicación constante coas familias. • Enlaces á paxs. Web.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Información ao alumnado e ás familias	Informarase a través de WEB do centro, correo electrónico das familias e a aplicación ABALARMÓBIL no apartado de mensaxería.
Publicidade	Esta adaptación da programación será publicada na web do centro: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipflavia/